

INDICACIÓNS PARA REALIZAR UN DEBATE



- GUIÓN PREVIO OU BORRADOR
- MODELO OU EXEMPLO DE MANIFESTO

O debate é un diálogo formal, de carácter argumentativo. Nel dúas ou máis persoas expoñen a súa opinión arredor dun tema. Para a súa realización é necesaria unha persoa moderadora e pode, ou non, haber unha persoa que sexa voceira, elixida polo seu grupo.

FUNCIÓNS DA PERSOA MODERADORA:

- Presenta o tema a debate.
- Sinala as quendas de intervención.
- Procura que o debate sexa respectuoso.

FUNCIÓNS DA PERSOA VOCEIRA:

- Expón inicialmente a tese que defende o seu grupo.
- Resume a postura final, que pode coincidir coa inicial ou ter sufrido variacións, se os argumentos contrarios conseguiron modificar a tese inicialmente defendida.

FUNCIÓNS DAS PERSOAS DEBATENTES:

- Argumenta a favor ou en contra do tema sobre o que se vai debater.
- Respecta as quendas de intervención.
- Refuta as argumentacións da voceira do grupo contrario.
- Utiliza expresións como: *Na miña opinión...*, *Dende o meu punto de vista...* / *Estou parcialmente de acordo contigo, pero...* / *Lamento non coincidir coa túa opinión...*

PASOS

1. **Busca a información.** Investiga sobre o tema ou asunto no que se basean as túas ideas para poder sostelas con argumentos.
2. **Anota as fontes de información.** Durante o debate cita esas fontes para argumentar as túas opinións.
3. **Selecciona a información.** Fai un esquema segundo a importancia do tema e das ideas arredor do mesmo.
4. **Escolle a tese que vas defender.**
5. **Enumera argumentos a favor.**
6. **Enumera argumentos en contra.**
7. **Anota argumentos de diverso tipo** (de autoridade, de competencia, de analoxía, de datos, de lei...)
8. **Coida a expresión.** Procura a corrección gramatical e a precisión léxica. Respecta as propiedades textuais. Usa verbos declarativos (crer, pensar, opinar...) seguidos de CD; ou ben verbos non declarativos que rexen SUPL (teño a certeza de, estou convencida de, insisto en...). Bota man de construcións sintácticas bipolares (causais, consecutivas, concesivas, condicionais), adversativas e tamén de coordinadas disxuntivas.

